

ACTA Nº 10/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE MARZO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 7 de marzo de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 08/11, correspondente á sesión do 21 de febreiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións 99/11, 102/11, 104/11 e 111/11 Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno Local para o recoñecemento da obriga, co obxecto de poder facer o pagamento dunha axuda de supervivencia, da publicacións de anuncios no BOP, e de alugueres e de asistencias técnicas. Avocou tamén nas resolucións 109/11 e 110/11 para iniciar a incoación de expedientes a unha traballadora; nas resolucións 105/11 e 122/11 ordenou a realización de horas extras con motivo dos enterros da xoubiña e da sardiña

Na resolución 121/11, a Alcaldía avocou para anular parte dun acordo aprobado en relación co Entroido na Xunta do 24 de febreiro de 2011, xa que se aprobaba un pago a xustificar ao concelleiro Riobó Martínez para o pago dos gastos máis urxentes da

organización desta festa e, por razóns persoais non puido facerse cargo do cobro do talón, daquela anulou ese punto do acordo e aprobou o pago a xustificar ao concelleiro Daniel Rodas co mesmo concepto.

A Xunta de Goberno Local queda enterada das avocacións..

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 108/09 – D^a BANESA PÉREZ LÓPEZ presenta proxecto básico de conservación e mellora de vivenda unifamiliar sita no lugar do Latón, nº 301, Meira, redactado polos arquitecto A2M Arquitectos Superiores SLP, visado o día 27.04. 2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN E MELLORA DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

INFORME: Procede licenza.

Proxecto básico. Non procede a construción en tanto non se presente proxecto de execución.

Planos válidos: A01a visada a documentación de 26/06/2009, planos A04b, A05b e A06b visados polo COAG con data de 31/07/2009.

Require informe sectorial

No expediente consta autorización da Comunidade Autónoma (Servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) por posicionarse a edificación en solo urbano de ordenanza 2 das NN. SS de Planeamento Municipal e inmersa na franxa de protección da Lei de Costas.

Non procede cesión de sobrantes de parcela afectada pola alineación.

Non procede constituír fianza polos custos de urbanización

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.806,00 €
Taxas licenza urbanística.....	161,25 €

Cartel de obra..... 110,00 €

3.B) EXPTE. 185/09 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. representado por D. Fernando Val López, presenta separata de proxecto de LMTS URB MONTE DO CON –CON MUELLE, núm. SGD 5342090050001, realizando o cambio de sección da LMTS CAG 804 MOAÑA 4, no tramo comprendido entre os centros de transformación Pontillón e Avda. Marín 12, realizando nova canalización nos tramos nos que a existente se atope en mal estado, de conformidade coa separata que presenta, redactada polo enxeñeiro industrial Rubén Menéndez Fernández, visado o día 10.08.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de febreiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: LMTS URBANIZACIÓN MONTE DO CON-CON MUELLE (O.MAIOR)

Nº: IN407A 2009/785-4.

INFORME: Procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta a aprobación do proxecto por parte da Consellería de Economía e Industria.

No expediente consta informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no cal se inserta informe do Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino.

No expediente consta estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.906,65 €
Taxas licenza urbanística.....	259,53 €
Cartel de obra.....	110,00 €

4.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

[Auséntase o concelleiro González Pérez]

- **EXPTE. 27/11 – D. ARTURO GONZÁLEZ PÉREZ** presenta proxecto de acondicionamento de local para ferretería no barrio de Palmás, 83 – baixo, Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. Alfredo de la Campa Fervenza, datada no mes de febreiro de 2011.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA COMERCIO DE FERRETERÍA.

INFORME: Procede licenza de obras e actividade destinada a comercio de ferretería de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible se

destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da Lei 9/2002, reformada pola Lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

O local para ser susceptible de apertura e funcionamento deberá ser inspeccionado polos servizos municipais unha vez presentado o certificado fin de obra do facultativo director das mesmas.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	269,75 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexión saneamento.....	180,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D. ARTURO GONZÁLEZ PÉREZ para a actividade de FERRETERÍA.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA FERRETERÍA. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbese a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

[Reincorpórase o concelleiro González Pérez].

5.- PARCELACIÓN

Visto o expedientes instruídos a instancia do interesado que de seguido se relaciona e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

EXPTE. 31/11 - D. JOSÉ PAREDES PAREDES, presenta proxecto de parcelación de finca matriz de 1.203 m2 en dúas parcelas de 637,00 m2 e 566,00 m2, situada no barrio de Broullón, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo Estudo de Arquitectura JH ARKMO, S.A., arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, visado na data 28.02.2011.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 2 de marzo de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza parcelación.**

Finca matriz de 1203,00M/2 en solo urbano de ordenanza 2 das NN. SS de planeamento municipal. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia subscrita polo arquitecto José Díaz de la Iglesia con data de 28/02/2011, resultan dúas parcelas 1 e 2 brutas sen considerar cesións de de 637,00 e 566,00 metros cadrados respectivamente que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 129,93€

6.- LICENZA DE APERTURA

- **EXPTE. 32/10 – DIARCO BUILDING, S.L.** solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 16 setembro de 2010, licenza de apertura de local destinado a oficinas administrativas en Calvar, 26, baixo, Domaio..

Visto o informe do aparelador municipal do 1 de marzo de 2011 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **DIARCO BUILDING, S.L.**

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 157/2010 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 09 de decembro de 2010.

A ordenación de usos do Planeamento municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 01 de febreiro de 2011, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **DIARCO BUILDING, S.L.** a cal declara a execución das obras de acordo co proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. José Sebastián Souto Codina, e visado na data do 09 de setembro de 2010, o arquitecto técnico municipal e inspector de obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **DIARCO BUILDING, S.L.** licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Calvar, 26, baixo - Domaio, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA

7.A) EXPTE. 03/11 – D. VICENTE CANCELAS RODRÍGUEZ

Vista a instancia presentada o día 11 de febreiro de 2011 por Don VICENTE CANCELAS RODRÍGUEZ, na que expón que a partir de febreiro deste ano explota o negocio dedicado a exposición de colchóns e mobles, na rúa Ramón Cabanillas, 187. Indica que a licenza está a nome do seu pai, Manuel Cancelas Pérez, e achega baixa censal deste último por xubilación maila súa propia alta, e solicita o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 3 de marzo de 2011, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 03.03.11, en relación coa solicitude presentada por D. Vicente Cancelas Rodríguez, na data do 11.02.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de Exposición de Colchóns e Mobles, sito na rúa Ramón Cabanillas, núm. 187, baixo, pertencente a D. Manuel Cancelas Pérez, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de Exposicións de Colchóns e Mobles, sito na rúa Ramón Cabanillas, 187, baixo, pertencente a D. Manuel Cancelas Pérez, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 14 de xullo de 2004**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de EXPOSICIÓN E VENDA DE COLCHÓNS E MOBLES, sito na rúa Ramón Cabanillas, 187 baixo, pertencente a **D. MANUEL CANCELAS PÉREZ**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 14.07.2004 a favor de D. VICENTE CANCELAS RODRÍGUEZ**

7.B) EXPTE. 04/11 – D. VICENTE CANCELAS RODRÍGUEZ

Vista a instancia presentada o día 11 de febreiro de 2011 por Don VICENTE CANCELAS RODRÍGUEZ, na que expón que a partir de febreiro deste ano explota o negocio dedicado a comercio polo miúdo de mobles, na rúa Ramón Cabanillas, 183. Indica que a licenza está a nome do seu pai, Manuel Cancelas Pérez, e achega baixa censal deste último por xubilación e a súa alta, e solicita o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 3 de marzo de 2011, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 03.03.11, en relación coa solicitude presentada por D. Vicente Cancelas Rodríguez, na data do 11.02.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de Comercio de mobles e electrodomésticos, sito na rúa Ramón Cabanillas, núm. 183, baixo, pertencente a D. Manuel Cancelas Pérez, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de Comercio de mobles e electrodomésticos, sito na rúa Ramón Cabanillas, 183, baixo, pertencente a D. Manuel Cancelas Pérez, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 10 de novembro de 1971**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de COMERCIO DE MOBLES E

ELECTRODOMÉSTICOS, sito na rúa Ramón Cabanillas, 183 baixo, pertencente a **D. MANUEL CANCELAS PÉREZ**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 10.11.1971** a favor de **D. VICENTE CANCELAS RODRÍGUEZ**

8.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

8.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. PROMOCIONES PEYMOURO, SL.

Vista a solicitude de PROMOCIONES PEYMOURO, S.L. na que presenta proxecto de execución de catro vivendas en fileira, visado o 27 de xaneiro de 2011, correspondente ao expediente nº 55/2010,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 3 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN DE CATRO VIVENDAS EN PROMOCIÓN EN FILEIRA

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 55/2010 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparellador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 55/2010.**

8.B) SOLICITUDE DE ARQUIVO DE SOLICITUDE DE LICENZA

O representante da Comunidade Veciñal de Montes en Man Común de Domaio, por escrito do 10 de febreiro de 2011, expón que a comunidade é promotora do expte. municipal 17/10 para a ampliación de nave para aula da natureza, no lugar dos Currás-Costa, e que dita solicitude ocasionou o expte. 10-061 no Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Por diversos motivos optaron por desistir da solicitude e pide que se archive, deixando constancia do desistimento e comunicación á Consellería, así como a devolución do imposto municipal liquidado con dita solicitude.

Visto o informe do aparellador municipal de 3 marzo de 2011, que di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO PARA AMPLIACIÓN DE NAVE PARA AULA DA NATUREZA.

INFORME:

As características da obra coa finalidade de practicar a devolución solicitada son as seguintes:

Carece de licenza.

Non se acometeu inicio da obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o arquivo do expediente 17/10.

9.- PROPOSTAS DE GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DE LOCAIS

9.A) DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados da parroquia de Meira.

Conforme coa cláusula décimosegunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc.

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de enerxía eléctrica e auga, as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. SDG S.A. por importe de 199,21 euros, correspondente ao período 20-12-2010 a 19-01-2011.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga, polos importes e a favor das persoas que se relacionan, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 2310 20200.

PIDRE COBAS, Aurora	39,84 euros
PIDRE COBAS, Consuelo.....	39,84 euros
PIDRE COBAS, José.....	39,84 euros
PIDRE COBAS, María	39,84 euros
PIDRE COBAS, Teresa.....	39,84 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe total de 199,21 euros en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 2310 20200 – RC 189, a favor das persoas que se relacionan na proposta e pola contía que nela se desglosa .

9.B) DESTINADO A CENTRO CULTURAL DO REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural en O Real

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo, etc..

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de electricidade as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. SDG, S.A. por importe de 25,08 euros, correspondente ao período 22-12-2010 a 20-01-2011.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga, por importe de 25,08 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 3340 20200, a favor de D. Manuel Santomé Gestido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 25,08 euros a D. MANUEL SANTOMÉ GESTIDO, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 3340 20200 RC 190.

10.- PROPOSTA DE GASTO

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
TURISMO	Adquisición plano-guía do Concello de Moaña	DIFUX ARTES GRÁFICAS COMUNICACIÓN, S.L.	4320 22602 RC 296	1.560,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 acreditado pola retención de crédito que se efectuou para este gasto,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

11.- CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Vista a proposta da concelleira de Igualdade do 7 marzo de 2011, que di:

ANTECEDENTES

Con motivo da conmemoración do DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, o CIM pretende homenaxear a todas as mulleres, e en especial ás asociacións de mulleres de Moaña e a Asociación de Mulleres Poza da Moura (Domaio). Deste xeito proxectarase un vídeo onde se recolle a evolución das asociacións e a participación da muller nesas colectivos.

Para desenvolver esa actividade é necesario un custo de 265 € desglosado así:

Plotter e deseño (Kopiak)..... 45,66 €
Placas e metopas (Río da Ribeira Macbil, S.L.) 69,45
Montaxe vídeo (Estudio Landesa) 150,00

O custo total ascende á cantidade de 250,09 € (ive engadido).

Proposta:

Aprobación do gasto descrito nos antecedentes deste escrito e autorización para que se libre a devandta cantidade a nome de Kopiak, a Río da Ribeira Macbil, S.L. e Fotoestudio Landesa, segundo os presupostos achegados.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 acreditado pola retención de crédito que se efectuou para este gasto,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta, imputando o gasto á aplicación orzamentaria 2310-22614 RC 330, en concepto de celebración Día Internacional da Muller.

12.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTOS

Vista a proposta do concelleiro de Facenda do 21 de febreiro de 2011, que literalmente di:

Visto que o artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, define a tramitación administrativo dos contratos menores, do seguinte modo:

“1. En los contratos menores definidos en el artículo 122.3, la tramitación del expediente sólo exigirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.

Visto que o artigo 122 do mesmo texto indica no seu apartado 3 que:

“Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas establecidas en el artículo 95.

Se consideran contratos menores los contratos de importe inferior a 50.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, o a 18.000 euros, cuando se trate de otros contratos, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 190 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal”.

Xa que este concello precisa da contratación de servizos postais, de mantemento da estación repetidora para a policía local, de mantemento do programa de contabilidade e recadación, do programa de padrón municipal,

Tendo en conta que estes gastos en ningún caso superan os límites establecidos para os contratos menores deste tipo, 18.000,00 euros.

Acreditada a existencia de crédito suficiente en cada unha das aplicacións orzamentarias adecuadas do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2011.

Esta Concellería propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Autorizar os gastos que a continuación se indican con cargo ás aplicacións orzamentarias que se especifican en cumprimento do establecido no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Concepto	Aplicación orzamentaria	Gasto a autorizar

Mantemento ano 2011 programa contabilidade	9310 21600	3.978,25 €
Aluguer estación repetidora da Policia Local	1320 20800	1.140,84 €
Mantemento ascensor da Casa do Concello	9200 21301	1.412,52 €.
Mantemento elevador do Colexio de Reibón	3210 21301	1.412,52 €
Mantemento elevador da Biblioteca de Quintela	3320 21301	1.412,52 €.
Mantenimento Alarmas (3 trimestres 2011)	1320 22799	4.965,12 €.
Servizo de Correos para o Concello ano 2011	9200 22201	10.829,18 €.
Servizo de Correos para o Xulgado de Paz ano 2011	9200 22221	5.085,42 €

2.- Trasladar o presente acordo ao departamento de Intervención co fin de que se rexistre o seu contido na contabilidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se aprobe a proposta nos seus xustos termos.

13.- APROBACIÓN DE DEREITOS A FAVOR DO CONCELLO

Vista a proposta do 2 de marzo de 2011 da intervención municipal, que di:

ASUNTO: Aprobación de **DEREITOS**, a favor do Concello por descontos comerciais concedidos.

Vistas as facturas emitidas por Telefonica de España, S.A., que deseguido se relaciona, en concepto de axustes por consumos:

Número Factura Data Factura Importe
60A1RR002897 28 xaneiro 2011 -290,38 €.

Vistas as facturas emitidas por Telefónica Mviles de España, S.A., que deseguido se relacionan, e nas cales figuran descontos por cliente:

Número Factura Data Factura Importe
28-L086-734243 01 decembro 2010 469,68 €
28-a186-794408 01 xaneiro 2011 450,43 €

PROPONSE:

Que pola xunta de goberno local, se aproben os DEREITO, por axustes e por descontos no consumo telefónico, concedidos por Telefónica de España, S.A., e por Telefónica Mviles de España, S.A., polos inportes indicados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

14.- RENOVACIÓN PÓLIZA POR ACCIDENTES COLECTIVOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

Visto que procede a renovación da póliza subscrita para cubrir os accidentes colectivos de protección civil mediante o pagamento da prima de 446,84 euros, contía reflectida na nota de cargo presentada por Aon Gil y Carvajal, SA, datada o día 11 de febreiro de 2011,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 446,84 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS, S.U., pola prima do seguro de accidentes colectivos Protección Civil de Caser Seguros (periodo 220211 a 220212).

15.- EXTINCIÓN DE CONTRATO DUNHA TRABALLADORA POR FALECEMENTO.

Visto o informe da técnica de Recursos Humanos e Xestión de Persoal do 28 de febreiro de 2011, que di:

ANTECEDENTES DE FEITO

A traballadora M^a Isabel Da Silva Pena, persoal laboral fixo do Concello de Moaña, cunha antigüidade dende o 01/09/1981 presentou baixa por incapacidade laboral coa data 20/01/11. O día 25/02/2011 M^a Isabel Da Silva Pena faleceu.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. Segundo o artigo 49.e) do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, o contrato de traballo extinguirase por morte do traballador.

Segunda. Visto o artigo 32 do Real Decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos dos traballadores na Seguridade Social, as solicitudes de baixa e de variacións de datos dos traballadores deberán presentarse dentro do prazo dos seis días naturais seguintes ao do cese no traballo ou daquel no que a variación se produza.

Terceira. O Decreto, do 2 de marzo de 1944, sobre indemnizacións por falecemento, indica que se pagará unha indemnización de 15 días do salario que tivese no momento da súa morte, cando o finado deixe algúns dos parentes que a continuación se indican:

Viúvo/a

Descendentes lexítimos o naturais menores de 18 anos o cunha invalidez
Irmáns orfos menores da mencionada idade
Ascendentes pobres, sesaxenarios ou incapacitados

CONCLUSIÓN

Visto o anterior propónse a extinción do contrato de traballo de M^a Isabel Da Silva Pena o día 25/02/2011 por falecemento, coa liquidación das cantidades debidas e a súa conseguinte baixa na tesourería da Seguridade social.

Como M^a Isabel Da Silva Pena non deixa ningún dos parentes indicados no Decreto do 2 de marzo de 1944, non corresponde a indemnización por falecemento que se prevé no mesmo.

Vista a proposta do alcalde, do 28 de febreiro de 2011, que di:

ASUNTO: Extinción do contrato de traballo de M^a Isabel Da Silva Pena por falecemento

Visto o informe da técnica de recursos humanos e xestión de persoal coa data 28 de febreiro de 2011, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Extinguir o contrato de traballo de M^a Isabel Da Silva Pena o día 25/02/2011 por falecemento, liquidar as cantidades debidas e tramitar a súa baixa na tesourería da Seguridade social.

Pagarlle na nómina do mes de febreiro de 2011 as retribucións correspondentes ao mes completo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

16.- PROPOSTA SOBRE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” PARA O FINANCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES NO ANO 2011.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía de data 23 de febreiro de 2011:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” PARA FINANCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES NO ANO 2011.

Vista a solicitude presentada pola FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” para contribuir ao financiamento da rede de comedores escolares existente no noso Concello.

Visto o interese común do Concello de Moaña e a Entidade en promover a escolarización no ensino público, dotándoo daqueles servizos que poidan mellorar a calidade na atención ao alumnado.

Visto que o orzamento do Concello de Moaña contempla a cantidade de 38.000,00 euros na partida 3240.480.03, “Subvención financiamento comedores”.

Visto que a FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” está inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Moaña co nº 8 e representa a totalidade das Asociacións de Nais e Pais de Moaña que rexen comedores escolares, polo que non é posible promover a concurrencia para a concesión de subvención para o fin que se persegue, propono á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder á FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” unha subvención de 38.000,00 euros para contribuír ao financiamento dos comedores escolares xestionados polas Asociacións de Nais e Pais que a conforman.
- 2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 3240.480.03 do orzamento en vigor.
- 3.- Aprobar o convenio que regulará a concesión, seguimento e xustificación de dita subvención e facultar ao alcalde para a súa sinatura.”

Visto o informe da Intervención Municipal, de data 24 de febreiro de 2011, onde se emite nota de reparo por faltar memoria do órgano municipal xestor da subvención, acreditación fehaciente de que a Federación de Anpas Arco da Vella reúne a todas as anpas do Concello que prestan servizo de comedora, acreditación de que a Federación de Anpas é a mesma entidade que a Federación de Anpas dos colexios públicos comarca do Morrazo e por faltar certificado acreditativo de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 24 de febreiro do 2011 por entender que queda acreditado no expediente que tidas as Anpas forman parte da Federación, porque non existe órgano xestor da subvención que emita memoria acordando, asemesmo que se incorpore de oficio ao expediente certificado acreditativo de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello.

Segundo: Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 3240.480.03 do orzamento en vigor.

Terceiro: Aprobar o convenio que regulará a concesión, seguimento e xustificación de dita subvención e facultar ao alcalde para a súa sinatura.

17.- CALENDARIO PRAZA DE ABASTOS

O presidente da Asociación da praza de abastos de Moaña, por escrito do 24 de febreiro de 2011, expón que os comerciantes da praza de abastos acordan por unanimidade establecer un calendario laboral para o ano 2011, e solicita permiso para poder permanecer abertos de cara ao público o 19 de marzo de 2011,

Vista a Orde do 6 de outubro de 2010 da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2011, nos que se inclúe dita data,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude e autorizar a apertura da praza de abastos o día 19 de marzo de 2011.

18.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA

D. David Otero Corrales, por escrito do 13.08.10, solicita a devolución de 214,50 euros depositados como fianza para responder dos gastos de urbanización do expte. de obras 91/08;

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico, datado o 4 de marzo de 2011,

Visto o informe da tesoureira do 4 de marzo de 2011, no que indica que comprobou o depósito da fianza (núm. de documento 2008-654-0, María Nela Marrero González e David Otero Corrales en concepto de fianza para sufragar os gastos de urbanización, nº expte. 91/08). Recolle que non consta na contabilidade municipal que se tivese procedido ao seu reintegro, e dado o contido do informe do arquitecto técnico municipal informa favorablemente a devolución da fianza por importe de 214,50 euros, a favor de M.N. MARRERO GONZÁLEZ, NIF 78733767 Y.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda proceder á devolución solicitada nos termos recollidos no informe da tesoureira.

19.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP.

O día 13 de xullo de 2010 asinouse en Santiago de Compostela o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de garantirlles aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos mediante a implantación de procedementos, plataformas e redes de comunicación que posibiliten a súa interacción con calquera Admón. pública. O convenio establece, ademais, os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

Este convenio substitúe ao do Portelo único.

Por addenda ao convenio do día 13 de outubro, o prazo para que as entidades locais se poidan adherir ao convenio ampliouse ata o 31 de marzo de 2011. Esta adhesión debe realizarse de xeito dixital.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia; e manifesta a vontade de adherirse formal e

expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio, asumindo as obrigas e compromisos que se derivan del e con suxeición plena a todas elas.

20.- FURANCHOS

20.A) D. JOSÉ CARRERA SANTOMÉ solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 700 litros de viño de colleita propia, en Entrevalos-Miranda, 143, a partir do 11 de abril de 2011. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o mes de abril ao 31 de maio de 2011, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

20.B) D. JOSÉ GRAÑA GARCIA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 1.000 litros de viño de colleita propia, en Paradela, 105. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o mes de abril ao 31 de maio de 2011, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

21.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
MIGUEL A. RIOBÓ JALDA	Saneamento, uso doméstico	Sixalde, 37	Taxas saneamento.....180 €	Aqualia Arquitecto técnico
CATERINA RÍOS DOMÍNGUEZ.	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170 – 3 C	Taxas 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.